



RVB
2013

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO



DE ROBERTO VIDAL BOLAÑO

DÍAS SEN GLORIA

DIRECCIÓN: FEFA NOIA

DOSSIER DE PRENSA

XUNTA DE GALICIA



DE ROBERTO VIDAL BOLAÑO


DÍAS SEN GLORIA

DIRECCIÓN: FEFA NOIA

Centro Dramático Galego
Salón Teatrô. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es
www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.es
www.agadic.info





* ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN

1.1. DÍAS SEN GLORIA: O CAMIÑO FRANCÉS E O ESPÍRITO DA FRONTEIRA

1.2. UN CAMIÑO QUE TRANSFORMA

2. A PRODUCCIÓN

3. FICHA ARTÍSTICA

4. FUNCIONS

5. A OBRA

6. SINOPSE

7. ROBERTO VIDAL BOLAÑO, AUTOR

8. FEFA NOIA, DIRECTORA

9. ELENCO

9.1. BORJA FERNÁNDEZ

9.2. MANUEL MANQUIÑA

9.3. FELISA SEGADE

9.4. EVA SOUTO

9.5. SERGIO ZEARETA

10. MULTIMEDIA

PRESENTACIÓN



* **DÍAS SEN GLORIA: O CAMIÑO FRANCÉS E O ESPÍRITO DA FRONTEIRA**

POR **MANUEL GUEDE OLIVA**

Director do Centro Dramático Galego

Hai en toda a obra teatral de Roberto Vidal Bolaño como un pouso de melancolía que parece anegalo todo, acaso un xeito fatídico de estar no mundo contra o cal apenas se pode soste un breve intre de insolencia e rebeldía. E sen embargo ese predominio de ámbitos tan próximos ao desalento, á claudicación ou á derrota rematan por ser negados, por opoñerse, por desafiarse a si mesmos nunha dura tensión que ao cabo rescata a coraxe, o valor da dignidade, iso ao que en Ourense chamamos afouteza. Porque en Roberto Vidal Bolaño sobre todas as cousas, hai unha pulsión épica que penetra polas fendas dos verbos e se estende na elección dos substantivos.

Soubo Roberto aprender de Otero Pedrayo a intuír os perfís complexos que tece a neboeira desta patria e as formas nas que alí comparecen os ecos e as palabras. Débelle a don Ramón María del Valle Inclán o estar en posesión de certos espellos ousadísimos, materiais de prodixioso rigor, cos que percibir e avisar sobre un país edificado a golpes de desgraza, territorio familiar ao autor, sobrevivindo como nunha procesión de sombras nas que el soubo enxergar días sen gloria, memorias de mortos, bailadelas, ladaíñas, laudamucos, personaxes de ficción, a quen poñerlles voces, dúbidas, incertezas...

Pero o Vidal Bolaño, ademais destas herdanzas que non nega, revela outra paisaxe sentimental: aquela de quen foi un adolescente asombrado diante do mundo da sesión continua. Non é estraño que aquelas películas de Sternberg, de Ford, de McLaglen, de Arthur Penn, de Ray, de Hawks, de Huston, de Zinnemann, resulten aquí agora sabias influencias que nalgún caso adquiren a dimensión de homenaxe.

O *western*, esa epopeia da natureza na que tantos de nós aprendimos o que significaban certos xeitos de ética, tan lonxe dos que nos impartía o inefable profesor de Formación del Espíritu Nacional, aquel retábulo de trágica moral, ese imaxinario heroico no que temperar o carácter, están aquí nidiamente, dunha forma explícita xa desde o título *Días sen gloria*. E neste *western*, nesta rara e irónica coincidencia de xentes do Oeste, hai paixón e hai exceso, dúas das claves básicas do xénero, e hai, sobre todo, unha viaxe sen retorno, tema tan querido pola épica cinematográfica.

Nalgunha ocasión Borges afirmou: Hollywood, sen quere-lo, salvou a poesía épica que foi a primeira forma de poesía. Mentres que a maioría dos poetas o esqueceran, Hollywood lembrouno. Actualmente, o feito de saber se ese heroísmo é real ou non, xa non é importante. É moi posible que a vida do Oeste fose moito menos heroica que o que vemos nas películas, pero Hollywood tivo o mérito de crear esa mitoloxía de cabaleiro solitario, de vaqueiro das grandes chairas.

Probablemente e con toda a conciencia, Vidal Bolaño, proclamando a necesidade da épica nun país tendente ao fervor lírico, soubo en *Días sen gloria* vincular dúas grandes mitoloxías: a do Camiño Francés e a do *western*, finalmente, as dúas fronteirizas, pero máis que como feito físico como substrato interior; iso que se chama espírito da fronteira.

Nun filme de Boetticher escoitamos a alguén que nos espeta: “Fai falta un motivo serio para estar nestas terras”. Quen non asinaría esta afirmación para se referir a esta fistera, ao camiño que leva a esta fistera, a estes días sen gloria?



* UN CAMIÑO QUE TRANSFORMA

por FEFA NOIA

Directora escénica

Asumir a dirección de calquera montaxe sempre é un reto, canto máis cando se trata de levar a escena un atinadísimo texto sobre o Camiño de Santiago, en Compostela, a cidade que dá comezo e final a ese camiño, que viu medrar como persoa e artista ao seu autor e que asistiu á estrea absoluta de *Días sen gloria*. Pero se unha rapaza noviña, coma a protagonista desta historia, non se acovarda ante a perspectiva de percorrer o Camiño de Santiago acompañada tan só por un gallofo vello en busca do cabaleiro que lle roubou o corazón e os cartos, eu tam pouco podía acovardarme.

Días sen gloria fálanos das historias que relatan o feito de contar a historia, e non só a historia mesma, dese conto contado de avós a netos nas noites escuras de inverno. Fálanos dunha viaxe, dun camiño que transforma os seus camiñantes. *Días sen gloria* fálanos de vinte e cinco personaxes a cargo de cinco actores, de cincuenta espazos dentro dun mesmo escenario, de trinta días en apenas hora e media. Fálanos, en fin, do pracer da fantasía, do poder do teatro.

ELA: *Agora fala co vento. Antes acostumaba a berrarlle.*

EL: *Antes foi hai moito tempo.*

ELA: *Hai trinta días soamente.*

EL: *Hai máis. Hai unha viaxe. Hai unha muller. Tantas cousas.*

Días sen gloria.



A PRODUCCIÓN

Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego (CDG) comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro artístico de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega. Desde xuño de 2008, o CDG forma parte da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), entidade que sucede ao IGAEM asumindo e ampliando as súas competencias.

Nestes casi 30 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro seguiron varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico da Agadic (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestiario etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia. Nel a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.





FICHA ARTÍSTICA

AUTORÍA ROBERTO VIDAL BOLAÑO
DIRECCIÓN ESCÉNICA FEFA NOLA
PRODUCCIÓN CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

ELENCO (POR ORDE ALFABÉTICA)

BORJA FERNÁNDEZ ESMOLANTE CEGO, SANTÓN, PUTA, MALFERIDO, PREDICADOR,
FILLO, ESMOLANTE LEPROSO, CABALEIRO
MANUEL MANQUIÑA EL
FELISA SEGADE POUSADEIRA, TENDEIRA, TULLIDA, CAMILA, NAI
EVA SOUTO ELA
SERGIO ZEARETA FERREIRO, GALLOFO VELLO, PEREGRINO, TOLO DE CIRA, PALA-
FRENEIRO, HOME DE CUEVAS, TABERNEIRO, XOGRAR, MOZO,
COMPAÑÍA DO CABALEIRO

EQUIPO ARTÍSTICO

ESPACIO ESCÉNICO BALTASAR PATIÑO
DESEÑO DA ILUMINACIÓN PEDRO YAGÜE
DESEÑO DO VESTIARIO ALEJANDRO ANDÚJAR
ESPACIO SONORO FELISA SEGADE, BORJA FERNÁNDEZ, SERGIO ZEARETA
LOITA ESCÉNICA MARCOS GRANDE
FOTOGRAFÍA MIGUEL FERNÁNDEZ
REALIZACIÓN DA ESCENOGRAFÍA TALLERES AGADIC
CADERNO PEDAGÓXICO MONTSE PENA (GÁLIX)
PRENSA ANA ROSALES, ANA MIRAGAYA (COMUNICACIÓN AGADIC)
DESEÑO GRÁFICO E COMUNICACIÓN TRISQUELIA

PRODUCCIÓN FRANCISCO VEIGA
ASISTENTE DE DIRECCIÓN ROI VIDAL
DIRECCIÓN FEFA NOLA

FUNCIONS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ABRIL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Salón Teatro: do 5 ao 28 de abril de 2013

Estrea: venres 5, ás 21.00 h

Funcións xerais (venres, sábados e domingos)

venres 12, 19 e 26 ás 20.30 h

sábados 6, 13, 20 e 27 ás 20.30 h

domingos 7, 14, 21 e 28 ás 18.00 h

Funcións escolares (mércores e xoves)

mércores 10, 17 e 24 ás 11.00 h

xoves 11, 18 e 25 ás 11.00 h

Venda de entradas

As entradas para asistir ás funcións de *Días sen gloria* no Salón Teatro de Santiago (Rúa Nova, 34) pónense á venda no despacho de billetes, que permanecerá aberto todos os días de función dúas horas antes do comezo da mesma.

Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web <http://entradas.novagaliciabanco.es>.

O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xove e desempregados), e de 5 euros o domingo, día do espectador.

XIRA

MAIO

O BARCO DE VALDEORRAS. Teatro Municipal Lauro Olmo, venres 3

OURENSE. Teatro Principal, domingo 5

TUI. Teatro Municipal Área Panorámica, venres 10

A ESTRADA. Teatro Municipal, domingo 12

A CORUÑA. Teatro Rosalía de Castro, venres 17

NARÓN. Pazo da Cultura, sábado 25

PONTEVEDRA. Centro Social Novacaixagalicia, xoves 30

XUÑO

RIANXO. Auditorio Municipal, sábado 1

VIGO. Centro Cultural Novacaixagalicia Teatro, domingo 9

LUGO. Auditorio Gustavo Freire, xoves 13

BRAGA. Theatro Circo, venres 21

FUNCIONES ESCOLARES

MAIO

O BARCO DE VALDEORRAS. Teatro Municipal Lauro Olmo, xoves 2

OURENSE. Teatro Principal, luns 6

TUI. Teatro Municipal Área Panorámica, venres 10

A ESTRADA. Teatro Municipal, luns 13

A CORUÑA. Teatro Rosalía de Castro, xoves 16

NARÓN. Pazo da Cultura, venres 24

PONTEVEDRA. Centro Social Novacaixagalicia, mércores 29

XUÑO

RIANXO. Auditorio Municipal, luns 3

LUGO. Auditorio Gustavo Freire, xoves 13

A OBRA



Días sen gloria ten a súa base noutra produción bolañesa titulada *Xubileu*, estreada en 1982 pola compañía Troula baixo a dirección de Antonio Simón. O texto foi levemente modificado para presentalo en 1992 ao Premio Rafael Dieste, que acabou por recibir. Tamén resultou finalista do Premio Nacional de Teatro en 1993 e obtivo o Premio Compostela 1994 ao Mellor Texto Orixinal.

A primeira montaxe de *Días sen gloria* foi posta en escena en 1993 por Teatro do Aquí. Aínda que Vidal Bolaño adoitaba dirixir as súas pezas, nesta ocasión foi Quico Cadaval quen asumiu esta tarefa, para poder centrarse el na interpretación do papel protagonista. María Pujalte, xunto a Carlos Blanco, Luis Zahera e Pilar Pereira, completaban o elenco.

O propio Vidal Bolaño admitiu que a obra estaba influenciada pola película *The African Queen* (1951), de John Huston, e moitos entendidos recoñecen tamén unha importante pegada do *western*, baseándose sobre todo na dimensión épica da historia, na conciencia da existencia dunha moral diferente que se rexe por leis propias e na que o importante é manter a dignidade

persoal. Outros expertos, aluden á peza coma unha especie de *road movie*, onde a noción da viaxe —neste caso sen retorno— é parte explícita da temática.

Da montaxe destacou a escenografía, deseñada por Xulia Brens (pseudónimo que Roberto empregaba para os traballos que desenvolvía como escenógrafo), que se levou a cabo nun espazo circular que deixaba a clásica caixa italiana a un lado, feito que creaba no espectador unha permanente sensación de movemento.

Polo que respecta á historia, está disposta de xeito fragmentario, en 37 cadros ou escenas breves, que transcorren durante un lapso de tempo de 30 días polo Camiño de Santiago, concretamente polo Camiño Francés que comeza en Ostabat. Conta a viaxe dun home e unha muller, personaxes sen nome, peregrinos a Compostela por razóns moi distintas, nun mundo de prostitutas, cabaleiros, soldados, esmoleiros, falsos predicadores, santos e demonios... Un mundo no que a fe, mestura de relixiosidade e superstición, atopa a súa forza tanto na posibilidade do milagre do Apóstolo como na certeza dos agoiros do Tolo de Cira (personaxe moi frecuente no universo literario do autor).



A intención de Vidal Bolaño non era recrear as vicisitudes desa peregrinación, senón que lle interesaba o significado e o sentido do Camiño, o seu valor mítico, a razón da súa permanencia no tempo e os motivos polos que os peregrinos veñen percorréndoo desde hai séculos. Abofé, afonda na metáfora do Camiño como significado da vida e máis como lugar de encontro cun mesmo, onde os personaxes descubren que o coñecemento adquirido nesta viaxe lles fai imposible regresar á súa orixe.

Días sen gloria retoma o vello mito do amor e da morte (mesmo a morte como destino anunciado), nun camiño de violencia e sexo no que, por encima de todo, triunfa a solidariedade, a amizade e o amor.

SINOPSE

Vidal Bolaño sitúa no Camiño de Compostela un home e unha muller, protagonistas sen nome de *Días sen gloria*: EL, un vello gallofo, e ELA, unha pobre rameira, nos que concorren todas as virtudes e miserias humanas.

Ela debe atopar a un cabaleiro que a enganou por non pagarlle os seus servizos amatorios durante dúas semanas. A pousadeira así llo lembra: ou lle dá os cartos ou non volverá ver a súa filla. Para conseguilo ten que se embarcar na difícil aventura de facer o Camiño Francés a Santiago de Compostela, pois é a ruta que segue o seu perseguido. Sabe que non poderá acadar o seu obxectivo soa, polo que para conseguilo fai tratos con El, dedicado a camiñar á cidade do Apóstolo durante anos e, polo tanto, sabedor dos atallos, recunchos e perigos que ten a viaxe.

Tras unha primeira reticencia e cartos por medio, acepta o reto de facer o camiño coa moza. Entre ambos mediará a forza da desconfianza, unha desconfianza alimentada con segredos que se irá vencendo co decorrer da camiñada. Sairanlles ao paso cegos, tolos, esmolantes, prostitutas e predicadores; pero o verdadeiro perigo constituirano o cabaleiro e o seu círculo.

Namentres, eles, a soas coa utopía de poder vencer ao destino, irán trocando a súa relación de incomodidade por unha sorte de atracción e compañeirismo derivada da paulatina consciencia de que os dous teñen máis cousas que compartir que das que se diferenciar. Porén, nin o un nin o outro renunciarán ás súas conviccións, como nos amosa un final que, non por anunciado, deixa de impactar.

MONTSE PENA (GÁLIX)

Texto extraído de *Días sen gloria*.

Proposta didáctica


Roberto Vidal Bolaño caracterizado como El en *Días sen gloria* na montaxe de Teatro do Aquí (1993)
foto: Xenaro Martínez Castro. Por cortesía da Asociación Roberto Vidal Bolaño



Percival. Montaxe de Teatro Antroido (1983)

foto: Luca Gavagna

Por cortesía da Asociación Roberto Vidal Bolaño



O AUTOR

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

O Dicionario da Literatura Galega define a Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002) como autor, director, actor e un dos promotores do teatro independente galego. A súa actividade profesional estendeuse tamén ao cine e á televisión como guionista e actor, ademais de en labores de produción e dirección. Mesmo foi premiado como escenógrafo, figurinista e como iluminador.

En 1974 funda o grupo de teatro Antroido, para o que dirixe e interpreta o espectáculo *Amor e crimes de Xan o Panteira* (1975), de Eduardo Blanco Amor. Un ano despois, escribe *Laudamuco, señor de ningures*, unha reflexión sobre as formas do poder moi próxima ao esperpento que recibe o Premio Abrente 1976. A peza publícase en 1977, na editorial Pico Sacro, canda as *Ladaíñas pola morte do Meco*.

A súa dedicación profesional e integral ao teatro acontece a partir de 1977, como resultado dunha conxuntura persoal (despídeno do banco en que traballaba). Por aquel tempo é cando se profesionaliza a compañía Antroido e estrea espectáculos como *Memoria de mortos e de ausentes* (mención honorífica no Premio Abrente 1978), *Antroido na rúa* (1978), *Laudamuco, señor de ningures* (1980), *Ruada das papas e do unto* (1981), *Touporroutou da lúa e do sol* (1982) ou *Romance dos figos de ouro* (1983). Deste período destaca, sobre todo, o seu traballo xunto a Eduardo Alonso, ao unificar as súas respectivas compañías —Antroido e Andrómena— nunha cooperativa chamada Teatro do Estaribel que levará a escena en 1980 a súa obra *Bailadela da morte ditosa*, coa dirección escénica de Alonso. O texto é galardoado co Premio Abrente 1980 e publicado en 1992.

En 1983 constrúe a dramaturxia para o espectáculo *Percival*, producido por Teatro Antroido, no que participa ademais como actor protagonista e director. Por esta adaptación teatral de textos de Méndez Ferrín, recibe a Medalla de Ouro Ciudad de Valladolid ao mellor texto dun autor español vivo na temporada 1983-84.

Despois da fundación do Centro Dramático Galego en 1984, cuxo primeiro responsable é Eduardo Alonso, participa como director na segunda montaxe da compañía institucional co seu texto *Agasallo de sombras*, arredor da figura de Rosalía de Castro e da súa relación con Manuel Murguía, e que supón para moitos críticos o comezo da súa madurez profesional.

A belixerancia na defensa do teatro nacional, e mesmo do CDG, válelle dun certo esquecemento, e incluso estudosos do feito teatral falan dun veto do poder político do momento que o mantivo afastado da compañía pública durante unha boa temporada. A presentación da súa obra *Caprice des dieux* (1985), un monólogo crítico dos males do teatro e os seus responsables, é considerado coma un axuste de contas dialéctico cos poderes públicos que o censuraran.

En consecuencia, consagra un período importante da súa vida á produción audiovisual. Coa posta en marcha da Televisión de Galicia en 1985, ademais de participar como actor de cine e de televisión (como por exemplo, a súa actuación nos filmes *Sempre Xonxa* ou *A lingua das bolboretas* e nas series *Os outros feirantes* ou *Un mundo de historias*), asume o labor de contribuír a activar a industria da dobraxe en Galicia.

Durante esta etapa, Roberto segue escribindo, dirixindo e producindo espectáculos. En xeral, o seu teatro caracterízase por un forte simbolismo e pola combinación entre elementos da tradición popular galega con outros tirados da realidade sociocultural do momento. O ton farsesco disimula escasamente unha amarga e sombría crítica desa realidade. A obra de Vidal Bolaño foi evolucionando desde o evidente compromiso antifranquista das primeiras pezas a unha sorte de neocostumismo feísta, unha variedade teatral do *dirty-realism* que se atopa, sobre todo, en *Cochos* (1986) e *Saxo tenor*, Premio Álvaro Cunqueiro 1991 e peza considerada como a primeira grande produción do teatro galego independente.

En 1992 funda, xunto con Belén Quintáns como produtora, a compañía Teatro do Aquí, coa que pon en escena talvez o máis poderoso da

súa produción dramática. En *Días sen gloria*, Premio Rafael Dieste 1992 e finalista do Premio Nacional de Literatura Dramática, amosa de novo a súa capacidade para tratar dun xeito orixinal temas que se prestarían doadamente ao tópico grandilocuente.

Con *As actas escuras* obtén en 1992 o Premio Xacobeo de Textos Teatrais; e con *Réquiem* —versión española de *Doentes*— é finalista na edición de 1995 do premio de teatro Tirso de Molina, obtendo en 1997 o Premio Rafael Dieste. Así mesmo, é galardoado co Premio María Casares ao mellor texto orixinal por *Anxeliños* e co Premio Xiria ao labor teatral.

Como director da compañía Teatro do Aquí leva a escena montaxes como *Saxo Tenor* (de Roberto Vidal Bolaño, 1993), *Días sen gloria* (de RVB, 1993), *A ópera de a patacón* (de RVB, 1994), *Touporroutou da lúa e do sol* (de RVB, 1994), *O desengano do prioiro* (de Ramón Otero Pedrayo, 1995), *Oé, oé, oé* (de Maxi Rodríguez, 1996), *Anxeliños* (de RVB, 1996), *Rastros* (de RVB, 1997), *Doentes* (de RVB, 1998), *Sen ir máis lonxe* (de RVB, 1999), *Criaturas* (de RVB, 2000), *Os papalagui* (de RVB, 2000) e *Animaliños* (2002), o derradeiro traballo dramático de Vidal Bolaño, no que achega texto, dirección, espazo escénico e iluminación.

Entre os seus últimos espectáculos como director figuran tamén *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, de Daniel Cortezón, montado polo Centro Dramático Galego en 1999, e *Rosalía*, de Ramón Otero Pedrayo (CDG, 2001). Ademais, a compañía institucional tamén puxo en escena outras catro obras escritas por Vidal Bolaño: *A burla do galo*, dirixida por Xan Cejudo no ano 2000; *Mar Revolto*, dirixida por José Martins en 2001 e coproducida xunto co Teatro do Noroeste de Viana do Castelo, a Compañía de Teatro de Braga, o Festival Internacional de Teatro de Expresión Ibérica (FITEI) e o Festival de Teatro do Eixo Atlántico (Festeixo); *Laudamuco, señor de ningures*, dirixida por Antonio Simón en 2003, como parte da produción *Daquel abrente*; e recentemente, *As actas escuras*, dirixida por Xúlio Lago en 2010.

Caprice des dieux. Montaxe de Teatro Antroido (1985)
 foto: Tino Viz. Por cortesía da Asociación Roberto Vidal Bolaño

“

Nalgún recuncho ignorado do noso presente, ten que haber un teatro do hoxe e do aquí posible.

Un teatro con fe abondo en si mesmo e na sociedade na que nace e á que serve, como para ser quen de saír ó encontro de poéticas propias, capaces de traducir en términos de universalidade o particular, e de reafirmar as capacidades potenciais da nosa cultura e dos nosos creadores para se incorporar por méritos propios á dramaturxia e ó teatro universais.

Un teatro que contribúa a lle restituír ós cidadáns o dereito a un lugar de encontro no que se espallar, co que poidan sentirse identificados e ó que cheguen a ter como propio.

Un teatro que, ademais desa forma de expresión e comunicación á que ningunha cultura que se queira viva pode sustraerse, se aspira a preservar e revitalizar aqueles sinais da súa identidade que a fan existir como tal, sexa un produto artístico de elaboración industrial, capaz de xerar riqueza, e de idoneizar a explotación racional dos nosos recursos humanos, económicos e infraestruturais.

Ese teatro hoxe máis ca nunca, ten que estar aquí, entre nós, ó noso alcance, só hai que saír e buscalo.

Roberto Vidal Bolaño



A DIRECTORA

FEFA NOIA

Tras licenciarse en Filoloxía Alemá na Universidade de Santiago de Compostela, cursa o doutorado en Teoría da Literatura e Literatura Comparada, e adquire a Suficiencia Investigadora. Ingresa no Instituto de Ciencia Teatral da Ludwig-Maximilian-Universität (Múnic), onde presenta a súa tese doctoral. Tamén foi subvencionada pola Fundación Barrié de La Maza, así como polo MAEC-AECID de Ampliación de Estudos Artísticos da Academia de España en Roma.

Polo que respecta á súa formación teatral, recibe cursos de interpretación na Universidade de Santiago (Postgrao en Arte Dramática), na Escuela de Teatro Cristina Rota de Madrid, así como no curso de teatro para actores e directores Natasha Projet na Sala Galán de Santiago de Compostela; participa tamén noutros cursos de Music-Hall, de técnica de *clown*, de creación e movemento escénico (impartido por Isabel Úbeda no Odin Teatret en Holstebro, Dinamarca), de creación e improvisación, de elenco, de dirección escénica...

Traballa como actriz en Minerva Teatro (desde 1993 ata 1996), en once montaxes baixo a dirección de Roberto Leal: *Xardín de outono*, *O soño de Hollywood*, *La casa de Bernarda Alba*, *Doña Rosita la soltera*, *O que tal nos fixo Adán*, *La cámara negra*, *Entreacto*, *Collage para un Ultramarinos*, *K*, *Des-contos* e *Todo sen a pasta*. Para o Grupo Galilea, dirixido por Pedro Rubín Garrido, actúa en *Descubrir a lectura é un espectáculo*, *Trasnos*, *Nenerías* (a partir do texto da súa autoría) e *O pauto do demo*. Ademais intervéñ na montaxe *Primeiro Movemento para figuras brancas*, representada no Millenium Festival da Capitalidade Cultural Europea, nas montaxes de Matarile Teatro *Rose war blau* (*Rosa era azul/Rosa estaba triste*) e *Totentanz* (*Danza dos mortos*), dirixidas por Ana Vallés, e na Festspielhaus de Múnic (2000-2002). Participa en proxectos como autora, dramaturga e tradutora para a Universidade de Santiago, a editorial Xerais e o Teatro de La Abadía.



Asemade, colabora como axudante de dirección en *Calígula* de Albert Camus (dirixida por Manuel Guede Oliva en 2000 para o Centro Dramático Galego) e de 2002 a 2010 nas montaxes de Teatro de La Abadía *Azaña, una pasión española* de Manuel Azaña (dir. José Luis Gómez), *Memoria de un olvido* de Luis Cernuda (dir. José Luis Gómez), *El Rey Lear*, de W. Shakespeare (dir. Hansgünther Heyme), *El Rey se muere* de Eugène Ionesco (dir. José Luis Gómez), *Sobre Horacios y Curiacios* de Bertolt Brecht (dir. Hernán Gené), *Nada es como es sino como se recuerda* de varios autores (dir. José Luis Gómez), *Largo viaje hacia la noche* de Eugène O'Neill (dir. Àlex Rigola), *Informe para una academia* de Franz Kafka (dir. José Luis Gómez), *Play Strindberg* de Friedrich Dürrenmatt (dir. Georges Lavaudant), *Me acordaré de todos vosotros* de varios autores (dir. Ana Vallés), *El burlador de Sevilla* de Tirso de Molino (dir. Dan Jemmett), *El arte de la comedia* de Eduardo de Filippo (dir. Carles Alfaro) e *El mal de la juventud* de Ferdinand Bruckner (dir. Andrés Lima). As últimas montaxes nas que exerceu como axudante de dirección son *Falstaff* de W. Shakespeare (dir. Andrés Lima) para o Centro Dramático Nacional, 2010-2011, e *El lindo don Diego* de Agustín Moreto (dir. Carles Alfaro) para a Compañía Nacional de Teatro Clásico, 2012-2013.

Como directora asina as pezas *Andorra* de Max Frisch (Teatro de La Abadía, 2007), *El Caballero* de José Ramón Fernández (EscénaTe, 2008), *Está llegando Amadís* de José Ramón Fernández (EscénaTe, 2008), *El coloquio de los perros* de Miguel de Cervantes (Corral de Comedias/Teatro de La Abadía, 2009), *Viaje al interior de la BN* de José Ramón Fernández (EscénaTe, 2009), *La enfermedad de la juventud* de Ferdinand Bruckner (Teatro de La Abadía, 2009), *Wild Wild Wilde* de José Ramón Fernández a partir de *De Profundis* de Oscar Wilde (da súa compañía Los Lunes, 2011), *El amor enamorado* de Lope de Vega (La Caimana, 2011), as lecturas dramatizadas *La muerte del contribuyente* de Pawel Demirski e *Cuerdas* de Bárbara Colio (CDN, 2011), *El libro infinito* de José Ramón Fernández (EscénaTe, 2012), S.P.Q.R. *Si vis pacem para bellum* de varios autores (Real Academia de España en Roma) e *Cuerdas* de Bárbara Colio (Los Lunes, 2012).

A portrait of a man with a full, dark beard and long hair tied back, wearing a grey button-down shirt. He is looking directly at the camera with a slight smile. The background is a dark, vertically-pleated curtain.

BORJA

FERNÁNDEZ

ESMOLANTE CEGO * SANTÓN * PUTA
MALFERIDO * PREDICADOR * FILLO
ESMOLANTE LEPROSO * CABALEIRO

Actor, músico, compositor e *performer*, estudou cos mellores mestres de *clown*, tales como Jango Edwards, Eric de Bont ou Leo Bassi, ademais de formarse en teatro e danza contemporánea, preparación física actoral, percusión corporal e acrobacias.

En 1999 fundou xunto con Marta Pazos a compañía Belmondo, coa que actuou nas pezas *Lolamento (I'm zorry)* (2002), *Sidecar* (2003) e *Jean Paul* (2004), baixo a dirección de Montse Triola. En 2006 co-funda a compañía Pistacatro Produtora de Soños, na que traballa dunha maneira activa (*Terrabuco; Cabaré Pistacatro; Sapiens, Sapiens, Sapiens...*).

Participou en proxectos escénicos de teatro físico, teatro clásico, teatro musical, ópera, danza, circo, música e propostas multidisciplinares de diferentes produtoras entre as que destacan La Fura dels Baus, Chévere, Producións Teatràis Excéntricas, Matarile Teatro, Teatro Nacional São João e Voadora, ademais das colaboracións coa bailarina Uxía P. Vaello nas pezas de teatro-danza *Play* (2008) e *Re-wind, Fantasías en 1987* (2010). Por outra banda, colaborou en multitude de *Ultranoites* (cabarés colectivos da Sala Nasa, en Santiago de Compostela), Festas do Circo (cabaré circense de carácter anual que reúne os artistas galegos que se dedican profesionalmente a actividades relacionadas co Novo Circo) e diferentes eventos públicos como artista, produtor ou rexedor.

Entre outros papeis escénicos destacan tamén as súas interpretacións para o CDG en *Noite de Reis ou o que queirades* (2007), con dirección de Quico Cadaval; *Illa Reunión* (2006), dirixida por Ana Vallés, así como na coprodución xunto a Pistacatro Produtora de Soños *Kamikaze* (Hernán Gené, 2007).

Os seus últimos traballos interpretativos foron en *Eurozzone* (2013) para a compañía Chévere; *Tokio 3* (2013) e *Super 8* (2010) para Voadora, así como en *Los cazadores de Thé* (2010) para Mr. Kubik Producciones, *Remidos Santos* (2010) para Pericia Teatro, e *Obra (No Comment)* (2009) para Producións Teatràis Excéntricas.

No eido audiovisual, actuou en series televisivas como *Pepe o inglés*, así como en diversas curtametraxes como *Formularios truculentos* (José Díaz, 2006), *Coco e Bobo de viaxe pola realidade* (José Díaz, 2004), *Sucesión Rosa* (José Díaz, 2004) e *Destroy Yourself* (Sergio Canai Rey, 2002). Tamén interveu como figurante especial no filme *Dagon* (2001) de Stuart Gordon.

É o vocalista e letrista do grupo de música vigués Es Un Árbol.

“

Interpretar tantos personaxes é unha experiencia curiosa; non é algo que faga habitualmente; é interesante, porque son personaxes que entran e saen moi rápido, aparecen e desaparecen e o público ten que recoñecelos ao instante, xa que a súa vida é moi curta dentro da historia. Entón, hai que estar moi fino á hora de darlles vida, hai que ir á base deles, é dicir, ser moi creativo pero moi axustado. Hai algúns que me gustan máis que outros, pero o meu preferido é o Malferido, un tipo que vén dunha loita e marcha todo escangallado para a súa casa. Gústame porque ten un pouco de xogo físico (a min encántame traballar co corpo...). Ten varios estados en apenas tres minutos, é moi interesante, por iso é o que máis me gusta.

”



MANUEL

MANQUÍN

* EL *

É un dos actores galegos máis coñecidos de televisión, cine e teatro. Saltou á fama polo seu personaxe de Pazos no filme *Airbag* (Juanma Bajo Ulloa, 1997) que lle valeu unha nominación ao Premio Goya ao mellor actor revelación. Posteriormente apareceu noutro éxito de billeteira, *Torrente, el brazo tonto de la ley* (Santiago Segura, 1998) ou na película de Antón Reixa baseada no libro de Manuel Rivas *O lapis do carpinteiro* (2003).

Comezou a súa carreira na Televisión de Galicia con diversos programas humorísticos e no cine, baixo as ordes do director galego Xavier Villaverde (*Tacón, Continental, Finisterre...*). Posúe unha extensa filmografía con máis de corenta longametraxes, entre as que destacan títulos como *Insomnio* (Chus Gutiérrez, 1998), *Sei quen es* (Patricia Ferreira, 2000), *Lena* (Gonzalo Tapia, 2001), *El robo más grande jamás contado* (Daniel Monzón, 2002), *Locos por el sexo* (Javier Rebollo, 2006), *Los managers* (Fernando Guillén Cuervo, 2006), *La caja* (Juan Carlos Falcón, 2007), *O Apóstolo* (Fernando Cortizo, 2010) e a máis recente, *Lobos de Arga* (Juan Martínez Moreno, 2011).

Compaxinou esta actividade coa interpretación nas series televisivas *Pratos combinados*, *Antivicio*, *Moncloa ¿dígame?*, *Fíos*, *Ana y los siete*, *Manolito Gafotas*, *Manolo & Benito Corporeision*, *Os Atlánticos*, *O Nordés...* Ade-

mais protagonizou monólogos de humor como *Va de risas*, con Luis Zahera e Dani Mateo; *Noites de Retranca*, de novo con Zahera; *O indignado* ou *Monólogos Indecentes*, e presentou e cantou en xiras musicais de Siniestro Total e do Xabarán Club.

En teatro actuou en *Hamlet*, de William Shakespeare, adaptada e dirixida por Lino Braxe, e en *O velorio*, de Francisco Taxes, que o CDG levou a escena como parte de *Daquel abrente*, espectáculo conmemorativo do 25 aniversario do teatro profesional galego. Tamén participou en *Pop Corn*, obra escrita por Ben Elton, dirixida e adaptada por Juanma Bajo Ulloa, así como en *Cuaderno de Bitácora*, *Almas perdidas*, *El informe*, *Anastás*, *El señor Galíndez*, *La orgía* ou *As bicicletas*. Asemade, dirixiu as montaxes *Historias de bolsillo* e *Héroes* (escritas por el), así como *Solos, perdidos y viciosos*, *El idiota*, *Remedios en el estanque* e *Blanca Madison*. Actualmente podemos velo sobre os escenarios protagonizando a produción de Teatro do Morcego *A función do tequila*, de Manuel Guede Oliva.

O Festival de Cans decidiu outorgarlle o Premio Pedigree 2013 en recoñecemento a unha longa traxectoria profesional na que abriu novas portas aos actores galegos, e á súa disposición a participar en curtametraxes e apoiar a novos creadores.

“

El é un personaxe moi rico en matices, que pertence a un dos estratos sociais máis baixos da sociedade e que, sen embargo, ten como empeño un ideal case utópico que é precisamente conseguir do Apóstolo un milagre. El que é un home descreído e ao que lle toca vivir un tempo en que o Camiño remata, en que aquela Compostela milagreira doutros tempos está en crise, se acaba. Dalgún xeito, séntese como o último león, a última fera dunha reserva, o último exemplar dun tempo que remata. Ao longo da obra, todas estas cousas, confírenlle unha riqueza espiritual moito máis grande do que se lle pode ver nunha primeira lectura.

Abraíame a profunda melancolía que Vidal Bolaño sempre lles infire aos seus personaxes, como un negativismo, un pesimismo realista que tamén está aquí presente. Personaxes, como xa di o propio título da obra, sen gloria, que non teñen nin nomes —chámanse EL e ELA—, case anónimos e sen embargo protagonistas dunha historia terrible. O máis interesante e, á vez, o máis melancólico e duro foi tentar dotar o meu personaxe de toda unha riqueza espiritual que el aparentemente rexeita. Roberto ponlle na boca unhas frases que nun principio levan a pensar que é un ateo descreído, pero logo afirma o contrario do que aparentemente cre.

A maior dificultade da dramatización é, sen dúbida, a posta en escena, pero tamén isto nos chega aos actores. A montaxe consiste nunha serie de etapas no camiño: hoxe estamos nun peto de ánimas, mañá nun claro dun bosque, pasadomañá subindo unha montaña, despois por un ermo, logo durmindo nunha fraga... Son escenas moi curtas, nas que hai que presentarse desde moi arriba, non che dá tempo de ir chegando a elas, hai que estar desde xa, cortar e pasar á seguinte escena, e outra vez arriba!

”

A portrait of a woman with dark hair, wearing a dark blue cardigan over a purple top. The background is dark and out of focus.

FELISA

SEGADE

POUSADEIRA * TENDEIRA
TULLIDA * CAMILA * NAI

Artista punteira no campo da música tradicional galega, é membro desde 1989 dos grupos Leilía e Brincadeira. A súa discografía é ampla, tanto con Leilía como en colaboracións —tamén audiovisuais— con artistas do talle de Emilio Cao, Kepa Junquera, Milladoiro, Guadi Galego ou Xosé Manuel Budiño.

Como integrante dalgúns das máis representativas agrupacións de música tradicional, recibiu numerosos galardóns, entre os que destacan o Premio Agapi 1999 á mellor banda sonora pola curtametraxe *A rosa de pedra*, o Premio Galicia en Feminino 2001 (outorgado pola Xunta de Galicia), ou o Premio da Academia das Artes e das Ciencias da Música 2004 á mellor canción en galego por *Pedras contra tanques*.

A súa experiencia teatral abrangue a súa participación no *Primeiro movemento para figuras brancas* (2000) de Matarile Teatro; *Acción seica nº 4*, de Xesús Carballido (2000), o espectáculo músico-teatral *Son de Leilía* (2004), creado por Leilía xunto con Ana Vallés, e as súas colaboracións coa bailarina nipona de danza butoh Hisako Horikawa no Festival En Pé de Pedra 2007 e no espectáculo *Iki=breath; sing=dance* (2009).

Compaxina a súa actividade musical coa docente, impartindo cursos de canto, percusión e danza tradicional non só en Galicia, senón tamén en Cataluña, País Vasco, Bélxica, Alemaña, Suíza, Portugal...

“

Para min é toda unha novidade xa que eu me dedico máis ao mundo da música; foi toda unha experiencia posto que é a primeira vez que interpreto como actriz de teatro. Pensei que ía ser un pouco máis complicado pero Fefa é unha excelente directora... Estou moi contenta; gústanme moito os cinco personaxes que interpreto, non teño preferencia por ningún porque son totalmente distintos entre si, aparecen en momentos determinados, en escenas moi curtíñas... pero non me podería decantar por ningún deles, non vaía ser que algún se enfade comigo e despois, me deixe quedar mal!

”



EVA

SOUTO

* ELA *

Procedente da escena universitaria, chega ao teatro da man do grupo Bicodobrelo Teatro, da Universidade de Santiago de Compostela, co que participa nas pezas *Matilde* (2009), baixo a dirección de Roi Vidal, e *Comedia bífida* (2008), dirixida por Tero Rodríguez. Ademais, asiste durante tres anos á Escola de Teatro Santart, onde estuda interpretación, realiza obradoiros intensivos de esgrima escénica, narración oral, *clown* e maquillaxe e actúa en *E co violín qué facemos?* (2007).

Actualmente cursa estudos de interpretación textual na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD), centro de ensino para o que protagoniza as montaxes *O dondo sabor das mazás* (2011) e *Lela anda en bicicleta* (2010). En 2010 crea, xunto con Roi Vidal, a peza experimental *Os días infelices*, traballo que foi galardoado cunha mención de honra no Premio Ibérico de Interpretación Marta Sieiro.

Participa, asemade, na posta en escena de *Vaguedás* (2007-2009), baixo as ordes de Lina Pérez para a compañía Teatro do Lume.

Compaxina a súa incipiente traxectoria interpretativa coa faceta de narradora e cantante cos grupos Barciela 6.4 e Colectivo O Xesta.

“

*Ela é unha moza nova, de condición prostituta —un estrato social moi baixo—, moi arroutada, moi bota-
tada para adiante, moi inxenua e, á vez, temeraria, porque se bota un pouco ao camiño na procura dun
amor sen saber moi ben o que hai, con todo por diante, pero descoñecendo os perigos que a rodean.*

*O maior reto que supuxo para min interpretar este personaxe foi facelo crible en cada escena, porque to-
das empezan coa tensión moi arriba, e preocupábame que polo feito de que sexa unha rapaza, resultase
algo infantil. Ela é unha persoa cunha forza vital moi importante e quixen tratar de manter iso sen ir-
me tampouco a un cabreo esaxerado co mundo e circunstancias que ten.*

*Gústame moito o feito de que é unha loitadora, que non se deixa vencer polas adversidades e que quere
tirar sempre para adiante, pero o que menos me agrada é que é un pouquiño parva, aínda que entendo
que tanta inxenuidade é necesaria.*

”

A portrait of a man with a beard and blue eyes, wearing a dark grey long-sleeved shirt with buttons. He is looking directly at the camera against a dark background.

SERGIO

ZEARRETA

FERREIRO * GALLOFO VELLO
PEREGRINO * TOLO DE CIRA
PALAFRENEIRO * HOME DE CUEVAS
TABERNEIRO * XOGRAR * MOZO
COMPAÑÍA DO CABALEIRO

Procedente do teatro afeccionado, comeza a súa traxectoria no grupo escolar Sardiña (A Coruña, 1992-1995) colaborando nas montaxes *Gemelos*, *Miles Glorious* e *Anfitrión* e, posteriormente, forma parte da Aula de Teatro Maricastaña da Universidade de Vigo (campus de Ourense, 1995-2000) actuando en *Ubú rei*, *Terror e Miseria da Nación Poderosa*, *Hamlet*, *No tempo do crepúsculo* e *O país das últimas cousas*, baixo a dirección de Fernando Dacosta.

A súa primeira experiencia profesional foi en 2001 coa compañía Teatro á Deriva nas obras *Novecento* e *Proxecto Durdén*, ás que seguiron o texto de Rubén Ruibal *Trafic (arroz mubi)* para a compañía Patatán Patatán Súper Productions e *En alta mar*, para Teatro do Grilo. En 2002 entrou a formar parte de Matarile Teatro, compañía coa cal interveu en *Acto seguido* (2003) e *Historia Natural* (2005) con dirección de Ana Vallés, para quen tamén traballou na produción do CDG *Illa Reunión* (2006).

Copresentador do espazo musical *Heicho Cantar, Queridiña*, que emite actualmente a Televisión de Galicia, recentemente vén de formar parte do elenco de *Galicia Cantíbal, El Musical*, o espectáculo construído en torno á Movida Galega e a todos os grupos que, ao longo dos anos oitenta, protagonizaron un dos movementos musicais, estéticos e sociais máis importantes das últimas décadas en España.

Sobre as táboas, tamén puidemos velo na produción do CDG *A ópera dos*

tres reais (2011), dirixida por Quico Cadaval; en *Tokio3* (2012) e *Super8* (2009), a cargo da plataforma Voadora con dirección de Marta Pazos; e protagonizando *Limpeza de sangue* (2010), a produción de Espello Cóncavo baixo a dirección escénica de Arturo López e baseada no libro homónimo de Rubén Ruibal (Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais do ano 2005, Premio Nacional de Literatura Dramática de 2007 e Premio María Casares 2011 ao mellor texto teatral en galego).

Canto ao audiovisual, protagonizou o filme *Crebinsky*, de Quique Otero, xunto a Miguel de Lira, Luis Tosar e Celso Bugallo, e para a pequena pantalla figurou nas series da Televisión de Galicia *Matalobos*, *Padre Casares*, *A vida por diante*, *As Leis de Celavella*, *Os Atlánticos* e *Pratos Combinados*, así como en *Piratas* de Telecinco.

Desde 2007 é tamén voz e compositor do grupo Lamatumbá, un dos nomes de referencia no panorama musical galego.

“

Aínda que soe a tópico, é certo, é un traballo no que hai que estar no momento xusto, no estado de enerxía axeitado tamén. É un traballo interpretativo de moita sutileza pero polo indicio que temos é unha gozada. Todos os personaxes están aí por algo, quero dicir, Roberto para iso non gastaba balas en balde. El sabía que personaxes quería para contar unha determinada cousa. O meu preferido, para que ningún marche antes de que remate o espectáculo, é o último que fago. Que decida o público.

”

MULTIMEDIA

Dossier electrónico

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/diassengloria/dossier_prensa.pdf

Fotografías

© Miguel Fernández

http://centrodramatico.org/cdg/novas/prensa/galeria.php?id=obra71_diassengloria

Caderno pedagógico

Autora: Montse Pena

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/diassengloria/caderno_pedagogico.pdf

Cortes de son

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/diassengloria/corte_son_01.zip

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/diassengloria/corte_son_02.zip

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/diassengloria/corte_son_03.zip

Vídeo

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/diassengloria/video_01.zip

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/diassengloria/video_02.zip

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/diassengloria/video_03.zip

Máis información

<http://www.centrodramatico.org>



DE ROBERTO VIDAL BOLAÑO

DÍAS SEN GLORIA

DIRECCIÓN: FEFA NOIA

WWW.CENTRODRAMATICO.ORG

E tamén na páxina de facebook:
<http://www.facebook.com/cdg.salonteatro>



centro
dramático
galego

SALONTEATRO

galicia

risquedia



AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA